

## MANUAL PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PERSOA FÍSICA (FNMT)

A FNMT implantou un novo sistema de obtención de certificado electrónico de persoa física (se pode consultar na dirección <https://www.cert.fnmt.es/registro/procedimientos-de-registro>).

Os pasos a seguir no caso de que estea interesado an súa obtención son:

### 1- Presentación de solicitude

A persoa solicitante realizará a petición para o certificado correspondente a persoa física a través da Web que a tal efecto dispón a FNMT-RCM. [enlace](#)

Pasos a seguir nesta parte da tramitación que pode realizar co ordenador dende o seu domicilio:

**a. Achegar a seguinte información:**

- O seu número de identidade (NIF o NIE).
- Primeiro apelido
- Dirección de correo electrónico

**b. Aceptación das condicións de expedición.**

Con esta acción a persoa solicitante manifestará a súa vontade de obter un certificado de persoa física, así como dar o seu consentimento para que a FNMT-RCM poda consultar os seus datos mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade.

**c. Envío da solicitude á FNMT-RCM.**

**d. Recepción pola persoa solicitante do Código de Solicitude.**

Unha vez comprobada a validez da información se xenerará o correspondente Código de Solicitude que lle será enviado á persoa solicitante a través da dirección de correo electrónico aportada na solicitude.

Unha vez teña no seu poder o Código de solicitude comenza a fase presencial de Acreditación de identidade ante a administración.

### 2- Acreditación da identidade

A persoa solicitante deberá personarse fisicamente ante calquera oficina de rexistro coa que a FNMT-RCM teña suscrito un acordo de colaboración e que contemple este método de acreditación da identidade.

A Administración Pública dispón dun [Catálogo oficinas](#) onde vostede pode realizar este trámite.

Ademais das anteriores oficinas, informámoslle que os rexistros dos tres campus da Universidade de Vigo son rexistradores e, polo tanto, alí poderá

vostede acudir para facer entrega da documentación e acreditar a súa identidade.

É posible que haxa que pedir cita para a recollida da documentación, para o que pode contactar a través destes teléfonos:

986 813 902 – rexistroxeral@uvigo.es (Rexistro Xeral Vigo)  
986 813 610 – rexistro.cidade@uvigo.es (Rexistro Auxiliar Torrecedeira)  
988 387 103 – rex-our@uvigo.es (Rexistro Auxiliar Ourense)  
986 801 955 – rex-pont@uvigo.gal (Rexistro Auxiliar Pontevedra)

Unha vez situado fisicamente nas oficinas de rexistro coa cita previa, se fose necesaria, procederase a:

### **Identificación ante o/a axente da autoridade**

Na oficina de rexistro a persoa solicitante se presentará ante o/a axente da autoridade, funcionario/a ou /a empregado/a público/a, e se identificará aportando a documentación exixida:

- a) Acreditación identidade\*
- b) Código de Solicitud
- c) Código Postal (identificar o Código Postal do domicilio que aparece no seu DNI)
- d) Cumprimentación e firma dunha "[Declaración de intencións](#)"

Da documentación correspondente aos apartados a), b) e d) deberá presentar **orixinal** e **fotocopia** para entregar á oficina de rexistro.

Unha vez comprobada a identidade e entregada a documentación xa finalizou o trámite presencial.

-----  
**\*DOCUMENTACIÓN**

Toda a documentación debe ser orixinal, válida e estar vixente no momento da Acreditación.

Nota: Queda prorrogada por un ano, ata o día trece de marzo de dos mil vinte e un, a validez do documento nacional de identidade das persoas maiores de idade titulares dun documento que caduque desde a data de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19

a).- Acreditación identidade

**CIDADÁNS ESPAÑOIS**

- Documento Nacional de Identidade (DNI), ou
- Pasaporte, ou
- outros medios admitidos en dereito a efectos de identificación (nos que conste o seu número de DNI/NIF).

**CIDADÁNS DA UNIÓN EUROPEA**

- Documento Nacional de Identificación de Estranxeiros (onde consta o NIE), xunto co pasaporte ou o documento de identidade do país de orixe, ou
- Certificado de Rexistro de Ciudadáns da Unión (onde consta o NIE), xunto co pasaporte ou o documento de identidade do país de orixe, ou
- Documento oficial de concesión do NIF/NIE, xunto co pasaporte ou o documento de identidade do país de orixe.

**CIDADÁNS ESTRANXEIROS**

- Documento Nacional de Identificación de Estranxeiros (onde consta o NIE), xunto co pasaporte ou o documento de identidade do país de orixe, ou
- Documento oficial de concesión do NIF/NIE xunto co pasaporte.

### **3- Recepción do enlace para descarga do certificado**

Unha vez realizadas as tarefas da administración coa FNMT para a acreditación da persoa solicitante, a persoa interesada recibirá no seu correo electrónico o enlace para a descarga do certificado.

Dende as oficinas de rexistro da Universidade de Vigo se contactará coa persoa solicitante para constatar a recepción e lembrarlle que deben empregar o mesmo dispositivo e o mesmo navegador cos que presentaron a solicitude.